



SOLICITUDE CACHARELA DE SAN XOÁN

PERSOA RESPONSABLE:	
DNI:	TELF MOBIL:
ENDEREZO:	
ASOCIACIÓN:	
LUGAR DA CACHARELA:	
DATA:	HORA:

CACHARELA

SARDIÑADA

PROPIEDAD TERREO: PÚBLICA PRIVADA

CARACTERÍSTICAS: TERRA ASFALTO FORMIGÓN BEIRARRÚA

NORMAS PARA AS CACHARELAS DA NOITE DE SAN XOÁN

1. As persoas, organizacións ou comunidades que desexan realizar unha cacharela deberán presentar a solicitude correspondente no Concello antes das 14 horas do día 22 de xuño, sinalando o lugar elixido, así como o nome, enderezo, teléfono e fotocopia do DNI dos responsables da organización ou comunidade, que deberán coidar os arredores.
2. O volume da cacharela non excederá os 8 metros de perímetro nin os 3 de altura.
3. A separación entre as cacharelas e os edificios e árbores será como mínimo de 12 metros.
4. Porase especial coidado de non situalas baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como de que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.
5. Prohíbese a queima de pneumáticos, plásticos, escumas de poliuretano, aceites, etc., e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.
6. En ningún caso botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
7. No suposto de que a cacharela se faga sobre terreos de uso público enlousados, os organizadores encargaranse de protexer o pavimento cunha capa de area de 10 cms.
8. Ao finalizar a cacharela e antes de abandonar o lugar da mesma, os responsables da organización coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas.
9. Ao día seguinte os responsables da organización deberán deixar o lugar onde se realizou a cacharela limpo.

O Concello de Oroso agradece a colaboración de toda a veciñanza para o bo desenvolvemento da noite de San Xoán

Oroso, de xuño de 20

Asinado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OROSO